

DOCUMENTACIÓN ADMISIÓN DE ALUMNOS

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:

- Anexo II (Orde do 15 de xaneiro de 2017)
- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a. Fotocopia do libro de familia ou DNI do alumno.
- Certificación oficial do expediente académico.
- Sentencia xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor, de darse o caso.

Datas: do 2 ao 20 de Marzo.

Recoller a solicitude e entregala na secretaría do centro.

Só se pode presentar unha única solicitude (ANEXO II) no centro de primeira opción.

O alumnado con reserva de praza (**ANEXO I**) nun centro deberá comunicar á renuncia á reserva se presenta solicitude de admisión noutro centro.

CRITERIOS DE BAREMACIÓN E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:

Presentación de **documentación xustificativa** dos criterios de baremo se o número de **solicitudes é superior** ao de **prazas ofertadas**. A presentación da documentación complementaria é VOLUNTARIA. **A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.**

Datas: 10 días hábiles a partires dos 2 seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.

CRITERIOS DE BAREMACIÓN E DOCUMENTACIÓN

1.- Irmáns no centro.

Copia completa do libro de familia e certificación da dirección do centro, ou resolución da Consellería de Traballo e Benestar no suposto de acollemento.

2.- Pais que traballen no centro.

Certificación do centro

3.- Proximidade do domicilio familiar.

Certificado do Padrón Municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A alta terá unha antigüidade mínima dun ano, (agás circunstancias xustificadas) e o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural que corresponda. Cando non coincide domicilio fiscal co domicilio familiar debe presentar: escritura de compraventa ou doazón, contrato de aluguer E contrato de alta de recibos.

4.- Proximidade do lugar de traballo. (non acumulable con domicilio)

Traballadores por conta allea: Documento expedido polo empregador/a e copia do contrato de traballo.

Autónomos: Alta censual inicial perante a AEAT, coas súas modificacións.

Persoal ao servizo das administracións públicas: Certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

5.- Renda da unidade familiar:

Autorización expresa para a utilización da información de carácter tributario polos dous proxenitores cónxuxes.

Sumar casiñas **380 + 395 declaración 2015**. Dividir entre os membros da unidade familiar:

Se o resultado é inferior 0,5 veces o IPREM: : **(menos de 3.195,06)** 3 puntos.

Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: **(entre 3.195,06 e 4.792,60)** 2 puntos.

Se é igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: **(entre 4.792,60 e 6.390,13)** 1 punto.

Se é igual ou superior ao IPREM: 0 puntos

Se non realizou declaración deberá presentar un certificado de haberes ou calquera outro documento, dos membros da unidade familiar correspondente ao exercicio fiscal 2015.

6.- Discapacidades.

Certificación do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Traballo e Benestar, ou polo órgano competente das administracións públicas antes da finalización do prazo de presentación das solicitudes (cando se denegue a consulta automática).

7.- Familia numerosa.

Fotocopia do Título oficial antes do final do prazo de presentación de solicitudes (cando se denegue a consulta automática).

8.- Familia monoparental.

A definición de familia monoparental está contida no artigo 13 da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia. Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación ou divorcio, medidas paterno - filiais ou convenio regulador.

9.- Criterio complementario establecido polo Centro.

Cada centro sinalará a forma de acreditarlo. No caso do noso Colexio:

Pai, nai ou representante legal (algún deles), do alumna/o solicitante sexa **antigo alumno do propio centro** ou de **outros Centros Educativos Vicencianos**.

NOTA IMPORTANTE:

A Documentación que se presente debe ser orixinal ou copia cotexada.

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Irmáns/ás no centro	Primeiro irmán: 8 puntos
	Segundo e seguintes: 2 puntos cada un
Traballador do propio centro	3 puntos, non acumulables por ambos proxenitores
Proximidade do domicilio familiar	Na área de influencia: 6 puntos
	En áreas limítrofes: 3 puntos
Lugar de traballo do pai/nai/titor	Na área de influencia: 4 puntos
	En áreas limítrofes: 2 puntos
Renda anual per cápita da unidade familiar* IPREM 2015: 6390,13 euros	Inferiores a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos
	Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos
	Igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: 1 punto
	Igual ou superior ao IPREM: 0 puntos
Discapacidade igual ou superior ao 33%	Do alumno/a: 4 puntos
	Dun pai, nai, titor: 3 puntos
	Irmán ou irmá: 1 punto cada un deles
Pertenza a familia numerosa	Categoría Xeral: 2 puntos
	Categoría Especial: 3 puntos
Condición de familia monoparental	2 puntos